

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE XULLO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada AC-173 "Perillo (rotonda Sta Cristina)-Mera (Pº Marítimo)", a prol do Concello de Oleiros.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a realización de visitas guiadas e de información turística na Fortaleza de Monterrei, por importe de cento vinte seis mil seiscentos sesenta e cinco euros (126.665,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para a realización do proxecto "Porta do Trega" no Monte de Santa Trega, por importe de douscentos mil euros (200.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral de Presidencia e o Concello de Salvaterra do Miño para a realización do proxecto Museo da Enoloxía do Condado de Tea, por importe de trescentos seis mil novecentos corenta e un euros con corenta céntimos (306.941,40 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, do servizo para a posta á disposición dos docentes de novos servizos e contidos dixitais innovadores no Programa de educación dixital Abalar-EDixgal, por un valor estimado de seis millóns oitocentos vinte e catro mil trescentos oitenta euros con dezasete céntimos (6.824.380,17 €).
- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e se lle dá traslado ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño-Sabarís e a PO-344 ao seu paso polo núcleo urbano de Seixo, por un importe total de tres millóns cincocentos setenta e catro mil setecentos sesenta e dous euros con oitenta céntimos (3.574.762,80 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación Bioga – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades para impulsar a competitividade, a innovación e o potencial da biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora esencial do tecido empresarial galego no período 2017-2018, por importe de noventa e tres mil euros (93.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de outubro de 2015 entre entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao centro de educación especial Príncipe Felipe de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil oitenta e oito euros (17.088,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio ao Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario de Lugo, por un importe total de oitenta e cinco mil douscentos sesenta e cinco euros con vinte céntimos (85.265,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración, asinado o 18 de outubro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de douscentos dezasete mil douscentos corenta e nove euros con sesenta e nove céntimos (217.249,69€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e especialmente nas da familia profesional Madeira e Moble, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 11 de setembro de 2012, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de Madeira, Moble e Cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante acordo marco con varios empresarios, da subministración sucesivo de implantes de marcapasos e desfibriladores para as estruturas de xestión integrada dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de oitenta e tres millóns catrocentos corenta e seis mil trescentos euros con oitenta céntimos (83.446.300,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde da Laracha feita a título gratuito polo Concello da Laracha (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Présaras feita a título gratuito polo Concello de Vilasantar (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se acepta a cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Ribadumia feita a título gratuito polo Concello de Ribadumia (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Boqueixón feita a título gratuito polo Concello da Boqueixón (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, dos servizos de atención diúrna terapéutica no centro de día para persoas con alzhéimer o outras enfermidades neurodexenerativas da Xunta de Galicia en Pontevedra. Tramitación documentalmente simplificada (expediente: PA 36/2017). Importe do orzamento: catrocentos cincuenta e seis mil cento trinta e sete euros con corenta e seis céntimos (456.137,46€). Valor estimado: dez millóns sesenta e oito mil oitocentos setenta e un euros con dez céntimos 10.068.871,10€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Santa Comba para a participación e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe de cincuenta e catro mil trescentos sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (54.369,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Mondariz para a participación e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe de cincuenta e catro mil trescentos sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (54.369,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Melide para a participación e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe de cincuenta e catro mil trescentos sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (54.369,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, o Concello de Melide (A Coruña), e o Concello de Toques (A Coruña), para a execución do proxecto de infraestrutura con código X-13177: “Nova ponte sobre o río Furelos”, por un importe total de trescentos mil oitenta e tres euros con noventa e nove euros (300.083,99 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORME

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia dos convenios de colaboración que se asinarán entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os colexios oficiais de Psicoloxía de Galicia e de Traballo Social de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das Empresas e dos incentivos á contratación.
- Informe da resolución das accións formativas dirixidas prioritariamente a desempregados (AFD)

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE OLEIROS O TREITO DA AC-173 ENTRE PERILLO E SANTA CRUZ, TRAS O SEU ACONDICIONAMENTO

- *O municipio asumirá a titularidade da vía logo de que a Administración autonómica acometese a renovación íntegra do firme e iniciase a tramitación para construír unha glorieta, cun investimento de 590.000 euros*
- *O tramo obxecto da solicitude ten un carácter urbano, xa que transcorre polos núcleos de Perillo, Bastiagueiro e Santa Cruz, determinados como urbanos na normativa urbanística*
- *A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas das redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se transfire ao Concello de Oleiros un treito da estrada AC-173, entre Perillo e Santa Cruz, despois de que o Goberno galego acondicionase o firme no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 2+950, na glorieta do centro comercial Haley, e o final da travesía de Santa Cruz.

Así mesmo, o Executivo autonómico comprometeuse a financiar unha glorieta en Santa Cruz, concretamente, no cruce coa DP-5812 (estrada da Deputación da Coruña de Santa Cruz a Meirás).

Para levar a cabo as ditas accións, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, achegará máis de 590.000 euros no marco dun convenio para a construción dunha glorieta que reforce a seguridade viaria na travesía de Santa Cruz.


A estrada AC-173 (Perillo, Rotonda de Santa Cristina-Mera, paseo marítimo), pertencente á rede de vías de titularidade autonómica discorre integramente polo termo municipal de Oleiros. O tramo obxecto da solicitude ten un carácter urbano, xa que transcorre polos núcleos de Perillo, Bastiagueiro e Santa Cruz, determinados como urbanos na normativa urbanística.

A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O pasado 13 de xullo, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Oleiros para a execución dunha rotonda no cruce entre as estradas AC-173 e DP-5812, cun orzamento de máis de 590.000 euros.

O cambio de titularidade materializarase unha vez que a Consellería de Infraestruturas rehabilite nos próximos días o firme no tramo da estrada AC-173 comprendido entre os puntos quilométricos 2 + 950 (glorieta do centro comercial Haley) e 4 + 300 (ao final da travesía de Santa Cruz). O conxunto destas obras previstas pola Xunta entre Perillo e Santa Cruz permiten que o tramo se atope nun estado de conservación axeitado para o seu cambio de titularidade.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.



TURISMO DE GALICIA IMPULSA O TURISMO CULTURAL CON VISITAS TEATRALIZADAS Á FORTALEZA DE MONTERREI

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o concello ourensán*
- *En virtude do acordo, garántense as visitas guiadas teatralizadas e a prestación de información turística do concello e comarca ata 2019*
- *A iniciativa axudará a incrementar os fluxos turísticos en Verín-Viana un destino que o ano pasado amosou un crecemento de viaxeiros do 10% e será tamén un importante reclamo para os peregrinos da Vía da Prata*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o concello ourensán de Monterrei para a realización de visitas guiadas e de información turística na Fortaleza de Monterrei.

Ao abeiro deste convenio, Turismo de Galicia garantirá a realización de visitas guiadas e teatralizadas que recrearán a historia desta fortaleza, devolvéndoa ao seu tempo orixinal e dinamizando a contorna. Trátase dunha maneira de pór en valor todo este conxunto histórico, que foi sempre un referente da comarca, dende a época medieval e o seguiu sendo anos despois, polo seu interese estratéxico fronte a Portugal.

O convenio, polo que Turismo de Galicia achega 126.665€ e unha vixencia ata 2019, inclúe, ademais, a prestación de información turística do concello e da comarca. Con esta iniciativa promóvese o turismo cultural, e incentívase o coñecemento do patrimonio cultural e histórico galego do mesmo xeito que se contribúe ao desenvolvemento económico da comarca.

Ademais, a iniciativa axudará a incrementar os fluxos turísticos en Verín-Viana, un destino que o ano pasado amosou un crecemento da demanda de viaxeiros dun 10%. Tamén servirá de importante reclamo para os peregrinos da Vía da Prata, itinerario no que se sitúa esta fortaleza, que no que vai de ano foi escollido por preto de 5.000 peregrinos.

A fortaleza máis relevante de Galicia

Este conxunto fortificado está situado en Ourense, no Camiño do Sudeste ou Vía da Prata. Trátase dunha fortificación de orixe medieval, a máis relevante de Galicia, nacida para o control do val de Monterrei e posteriormente destinada á súa defensa fronte a Portugal. No seu día contou tamén co máis significativo servizo hospitalario para peregrinos neste camiño a Galicia que foi coñecido como o hospital da Trindade.

A denominada acrópole de Monterrei acolle tamén, entre outras edificacións, a igrexa de Santa María de Gracia e o coñecido como o Palacio Condal.

O CASTRO DE SANTA TREGA CONTARÁ CUN CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES E UNHA ÁREA DIVULGATIVA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio entre Turismo de Galicia e o concello da Guarda polo que a Xunta achegará 220.000€ para desenvolver o proxecto 'Porta do Trega'*
- *Inclúe a construción dunha edificación que tamén albergará un punto de información turística e melloras na pavimentación dos accesos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para a realización do proxecto 'Porta do Trega', unha iniciativa que mellorará os accesos e atención ao visitante nun dos castros máis emblemáticos e visitados de Galicia.

O proxecto, polo que Turismo de Galicia aporta 220.000€, inclúe a construción dunha edificación que albergará un punto de recepción de visitantes, un posto de control, cobramento e regulación de acceso así como un espazo de información turística e divulgativa do asentamento castrexo e aseos para o persoal.

Esta área actuará conxuntamente cun espazo xa construído que alberga aseos para visitantes e unha zona de aparcadoiro para vehículos. Realizaranse obras de acondicionamento da área de recepción de visitantes e pavimentación especial de redución de velocidade dos vehículos.

Esta iniciativa enmárcase no compromiso de Turismo de Galicia, reflectido na Estratexia de turismo de Galicia 2020, por impulsar o enfoque turístico do patrimonio inmaterial, potenciar os valores diferenciadores de Galicia e mellorar os recursos turísticos das entidades locais.

Porta do Trega

A día de hoxe, a ruta de subida a este monte e complexo arqueolóxico non dispón de ningún espazo previo que actúe de recepción para os visitantes deste conxunto histórico natural e, ademais, era preciso renovar o actual posto de cobramentos e control.

É así como Turismo de Galicia pon en marcha este proxecto Porta do Trega que, por unha banda, porá en valor, divulgará e conservará este conxunto arqueolóxico e tamén contribuirá a aumentar os fluxos turísticos deste destino e impulsará economicamente ao sector.

Pola súa importancia histórica e enclave xeográfico trátase do castro galego máis emblemático e visitado e tamén un dos principais recursos turísticos da comarca, incluída no xeodestino Vigo-Baixo Miño, que nos cinco primeiros meses deste ano rexistrou preto de 210.000 viaxeiros aloxados, o que supón ao redor dun 30% máis que nas mesmas datas do ano pasado.

O CONDADO CONTARÁ CUN MUSEO DA ENOLOXÍA PARA PÓR EN VALOR O SEU POTENCIAL VITIVINÍCOLA

- *A edificación estará situada no núcleo urbano de Salvaterra de Miño*
- *O proxecto, que conta cun investimento de máis de 300.000€, axudará a difundir o potencial vinícola desta zona e suporá un impulso turístico e económico neste municipio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Turismo de Galicia, a Axencia de Desenvolvemento Rural, a Secretaría Xeral de Presidencia e o Concello de Salvaterra de Miño para a posta en marcha do Museo da Enoloxía do Condado.

A intervención, que contará cun investimento de máis de 300.000 €, suporá un importante impulso para pór en valor todo o potencial vitivinícola desta zona do sur de Galicia. O Museo da Enoloxía estará localizado en Salvaterra de Miño, nunha edificación propiedade municipal situada no núcleo urbano.

Nel daranse a coñecer a poranse en valor os viños da comarca do Condado, que comprende os concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Ponteareas e Salceda de Caselas. Unha zona que conta con máis de 1.500 viticultores e máis de 1.000 hectáreas de superficie cultivada.

O museo suporá un importante impulso turístico e económico para esta zona, xa que a posta en marcha deste novo recurso poderá contribuír á chegada de máis visitantes, coa súa repercusión nos establecementos dos municipios que forman parte desta comarca, pertencente ao xeodestino Vigo Baixo Miño.

Un xeodestino que, con preto de 266 mil viaxeiros aloxados e algo máis de medio millón de noites en todos os concellos que o conforman, se consolida como destino neste primeiro semestre do ano. Neste período o turismo internacional sobe alí preto do 60%.

A comarca do Condado conta, ademais, coa celebración da Festa do Viño, que este ano celebra a súa LVIII edición e é unha das festas do viño máis antigas de España.

A XUNTA SUMARÁ NOVOS PROVEDORES AO LIBRO DIXITAL E FACILITARÁ A COLABORACIÓN DOS DOCENTES A TRAVÉS DE SERVIZOS INNOVADORES

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación destes servizos por un importe máximo de 2,7 millóns de euros ata 2020*
- *Permitirá dispoñer de dous novos provedores de contidos dixitais, un para inglés e outro para as restantes materias de 5º de primaria a 2ª da ESO*
- *Facilitaranse aos profesores ferramentas innovadoras para a creación de contidos*
- *O libro dixital chegará no novo curso a 154 centros e máis de 11.600 alumnos*

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación de novos servizos para ampliar os contidos da iniciativa eDxigal, que o vindeiro curso 2017/18 posibilitará que máis de 11.600 alumnos de 154 centros educativos sostidos con fondos públicos empreguen unicamente libros dixitais.

Cun investimento máximo de 2,7 millóns de euros ata 2020 a Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, incorporará, mediante concurso público, un terceiro provedor de contidos curriculares dixitais para as materias de 5º de primaria a 2º da ESO e un cuarto provedor para materia de inglés nestes cursos. Estes contidos sumaranse aos que actualmente ofrecen Netex e Edebé á plataforma de eDixgal.

Ademais, crearase un centro de produción de contidos educativos dixitais, no que empresas TIC e audiovisuais galegas porán a disposición dos docentes servizos innovadores para a creación de contidos dixitais. O obxectivo é facilitarlles aos docentes as ferramentas necesarias para que os contidos que crean, de alto valor pedagóxico, se poidan incorporar á plataforma de contidos dixitais e estean dispoñibles para o alumnado e o profesorado.

Novo equipamento e mellora da conectividade

A ampliación de contidos é unha das medidas previstas para consolidar unha educación integramente dixital, que está a levar a cabo a Administración autonómica. A renovación de equipamento é outra das liñas de actuación e xa está en marcha a adquisición de ata 22.000 equipos portátiles durante os vindeiros 2 anos para alumnos e profesores daqueles centros que se integren en eDixgal.

Ademais, familias, alumnos e profesores disporán dun servizo de soporte Premium deste equipamento as 24 horas o sete días da semana en liña ou telefónico.

A mellora das infraestruturas de telecomunicación é outro dos aspectos clave na estratexia de innovación educativa. Neste momento máis de 560 centros públicos (o 46% do total) dispoñen de velocidades dun mínimo de 100 Mbps e durante 2017-

2018 estenderase esta velocidade aos ao 100% dos centros educativos públicos de primaria e secundaria.

Plan de formación dixital

Outra das medidas é o desenvolvemento dun plan continuo de formación dixital a docentes e familias que recolla os distintos aspectos da transformación dixital das aulas, tanto desde o punto de vista tecnolóxico como metodolóxico, e que integre a todos os implicados neste proceso.

Investimento

O Goberno galego investirá un total de 27 millóns de euros no curso 2017/18 no desenvolvemento de todas estas liñas de actuación para consolidar un modelo educativo innovador e que ofrezca máis oportunidades ao alumnado. Unha liña de traballo que se enmarca na Estratexia galega de educación dixital 2020, que será presentada de cara ao inicio do vindeiro curso.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UN TEITO DE GASTO PARA 2018 DE 9.487 MILLÓNS, UN 5,4% MÁIS QUE O ORZAMENTO DESTE ANO

- *Disporá de 490 millóns máis ao aumentar 261 millóns o Orzamento actualizado e consolidar os 229 millóns incluídos na Lei de impulso ao crecemento económico*
- *Os recursos da Xunta teñen medrado en máis de 1.000 millóns en tres anos*
- *Galicia reducirá en 108 millóns o déficit e mantén a aposta polo crecemento san*
- *O Goberno galego revisa con forza, ata o 3,1%, a previsión do PIB para este 2017, sete décimas máis que o estimado nos Orzamentos*
- *Galicia seguirá medrando en 2018 e reducindo a taxa de desemprego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o teito de gasto non financeiro da Xunta de Galicia para 2018, que ascende a 9.487 millóns de euros, un 5,4% máis que o orzamento aprobado pola Xunta para este ano. Isto supón que o gasto da Comunidade Autónoma para o vindeiro exercicio poderá aumentar ata 490 millóns de euros respecto ao orzamento para 2017.

O acordo do Consello da Xunta establece que o límite de gasto para 2018 ascenderá a 9.487 millóns de euros, o que representa un incremento de 261 millóns sobre o Orzamento actualizado neste 2017. A este incremento, hai que sumar a consolidación dos 229 millóns de euros incluídos na Lei de impulso ao crecemento económico – aprobada este mes na Cámara–, polo que o aumento chegará ata os 490 millóns de euros.

Dos 9.487 millóns de euros de límite de gasto aprobado hoxe, 9.277 son ingresos non financeiros, 190 proceden do déficit e 20 millóns de axustes de contabilidade nacional. En total, os recursos da Xunta teñen medrado en máis de 1.000 millóns de euros en tres anos, froito dos maiores ingresos pola recuperación económica e do emprego. Non obstante, a capacidade de gasto é aínda maior pola importante baixada do gasto en xuros da débeda.

Precisamente, o límite de gasto non financeiro para 2018 establece que Galicia volverá reducir o recurso ao endebedemento en 108 millóns, cun déficit previsto do 0,3%, case a metade que o estimado para este exercicio. Galicia mantén a súa aposta por un crecemento san que permite incrementar os investimentos e reforzar o gasto social ao tempo que se reduce o gasto en xuros da débeda, e cumprindo sempre os obxectivos aprobados no Consello de Política Fiscal e Financeira, como vén facendo todos os anos.

De feito, os últimos datos oficiais confirman que Galicia é a segunda comunidade autónoma que realiza maior esforzo investidor, e tamén é a que menos incrementou o seu endebedemento durante a crise. Ademais, mantense entre as comunidades que

pagan máis rápido ao seus provedores, cun período medio de pago tres veces inferior á media.

Unha vez aprobado hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego remitirá inmediatamente o acordo ao Parlamento para a súa aprobación na Cámara autonómica.

A economía medra máis do previsto

En canto ás estimacións macroeconómicas, a Xunta de Galicia prevé que neste 2017 a economía galega rexistrará un mellor comportamento do previsto. O novo cadro macroeconómico mostra que o PIB de Galicia medrará este ano un 3,1%, sete décimas máis do estimado nos Orzamentos vixentes (2,4%), grazas, principalmente, ao mellor comportamento das exportacións galegas e do sector servizos.

Respecto da taxa de paro, a previsión da Xunta para este ano é que se manteña a baixada do desemprego ata o 15,6%, de xeito que Galicia conseguirá crear no conxunto do ano uns 20.000 novos postos de traballo, cumprindo tamén as previsións.

O Goberno galego tamén deu a coñecer as primeiras estimacións para o ano 2018, no que se prevé que a economía galega siga medrando a taxas elevadas. En concreto, a estimación do PIB sitúase no 2,7%, por riba do obxectivo do 2,5% fixado no Plan Estratéxico de Galicia para o período 2015-2020. Ademais, a taxa de paro seguirá baixando ata situarse no 14%.

Os últimos datos de Contabilidade Trimestral publicados a finais de maio polo Instituto Galego de Estatística seguen confirmando a consolidación da recuperación da economía galega, xa que o PIB galego segue a medrar a un ritmo anual superior ao 3%.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DUNHA VARIANTE QUE LIBERE DE TRÁFICO O NÚCLEO DO SEIXO

- *O Goberno galego destinará un millón de euros ao financiamento e tramitación das expropiacións necesarias para esta infraestutura*
- *A actuación consistirá na construción dunha nova conexión entre a estrada provincial que une Tomiño e Sabarís e a vía autonómica PO-344, para liberar esta do tráfico intenso que rexistra na actualidade e convertela en vía urbana*
- *Será unha estrada de 1,3 quilómetros que deixará xa prevista a conexión co futuro enlace da VAP Tui-A Guarda*
- *A nova estrada comunicará os equipamentos da estrada provincial EP-3102, como o CEP Pedro Caselles, co centro de saúde, a residencia asistida, e mesmo o IES de Tomiño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Goberno Galego, o Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra para a execución dunha estrada alternativa á conexión entre a PO-344 (Forcadela-Couso) coa EP-3102 no lugar do Seixo (Tomiño). O obxectivo desta actuación é a construción dunha variante que libere do intenso tráfico que rexistra actualmente o núcleo do Seixo.

O Goberno galego contribuirá con case 1 millón de euros a esta actuación, asumindo a responsabilidade de financiar e tramitar as expropiacións necesarias. O orzamento total de execución destas actuacións estímase en algo máis de 3,5 millóns de euros.

A actuación parte da necesidade trasladada polo Concello de Tomiño dunha vía que permita unha conexión alternativa á actualmente existente no núcleo urbano do Seixo, para o que solicitou a colaboración do Executivo autonómico e da Deputación de Pontevedra.

O proxecto ten por obxecto mellorar a conectividade da avenida República Arxentina (EP-3102) no núcleo de Seixo e reducir o intenso tráfico que se rexistra actualmente na rúa Gondomar (PO-344), mediante a definición do trazado dunha nova estrada que actúe de variante da mencionada vía autonómica.

A novo vía proporcionará unha saída natural á rúa da República Arxentina e á estrada provincial que conduce á Pedra cara ao leste do núcleo, e permitirá a conexión nun futuro a PO-344 coa VAP Tui-A Guarda sen necesidade de atravesar a vila. Así mesmo, comunicará os equipamentos na EP-3102, como o CEP Pedro Caselles, co centro de saúde, a residencia asistida, e mesmo o IES de Tomiño.

Neste momento, está redactado o proxecto de trazado da vía, que terá en conta que ten unha lonxitude de 1.318 metros e conecta coa estrada EP-3102 polo sur, coa PO-344 ao norte do núcleo do Seixo, así como co enlace previsto da VAP Tui-A Guarda e a sección tipo abrangue a calzada de dobre sentido de circulación, de 10 metros, 6 metros para unha senda peonil e ciclista, bermas de 0,5 metros, e gabias de 2 metros para a correcta execución e funcionalidade da plataforma, polo que a ocupación media será de 20,5 m.


Ademais, prevese a execución de cinco glorietas nas interseccións coa vía existente, e proxéctase a maiores unha conexión urbana de 150 metros, para conectar o novo trazado co centro urbano do Seixo.

O proxecto xa foi supervisado e aprobado provisionalmente pola Axencia Galega de Infraestruturas e será sometido a información pública nos próximos días. Tras estes trámites aprobarase definitivamente o trazado, iniciárase o proceso expropiatorio e ultimárase a redacción do proxecto de construción neste ano, o que permitirá a licitación do contrato de obras.

Compromisos

Pola súa banda, o Concello de Tomiño financiará a actuación con algo máis de 261.000 € e asumirá a titularidade da vía, entre os puntos quilométricos 1+720 e 2+750, xa que unha vez realizada a actuación, a travesía rexistrará un tráfico maioritariamente urbano e existirá unha alternativa viaria que proporcione un mellor nivel de servizo.

Finalmente, a Deputación de Pontevedra, que ten elaborado o documento técnico no que se define a obra, terá que licitar o contrato de obras, unha vez recibida a Declaración de utilidade pública, e a executar ditas actuacións unha vez que sexan pagados os depósitos previos.



A XUNTA REFORZA A SÚA COLABORACIÓN CON BIOGA PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR BIOTECNOLÓXICO GALEGO

- *O Consello autoriza un convenio da Consellería de Economía, Emprego e Industria co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para fomentar o papel da industria biotecnolóxica como tecnoloxía facilitadora para abrir novas liñas de negocio e modernizar as tradicionais no tecido empresarial galego*
- *O acordo para 2017 e 2018 promoverá a posta en marcha de ferramentas comúns que impulsen a cooperación empresarial e a colaboración intersectorial, como a organización de bioalmorzos e de BioSpeed Dating para favorecer os encontros entre empresas*
- *A iniciativa enmárcanse dentro da Estrateixa de impulso á biotecnoloxía, coa que a Xunta busca mobilizar 200 millóns de euros ata 2020 co obxectivo de que se creen 30 novas firmas bio e se xeren 300 empregos cualificados*
- *O sector biotecnolóxico galego é o terceiro que máis medra en España, cunha facturación superior aos 250 millóns anuais, e o terceiro máis bioempendedor*

O Goberno galego reforza o seu compromiso coa biotecnoloxía a través do novo convenio, autorizado hoxe no Consello da Xunta, que asinará con Bioga -o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida- para desenvolver, durante este ano e o próximo 2018, actividades que permitan impulsar o potencial innovador deste sector en Galicia, así como a competitividade do seu tecido empresarial.

O convenio, ao igual que o acordo formalizado para os anos 2015 e 2016, busca fomentar o papel que desempeña a industria biotecnolóxica como tecnoloxía facilitadora para abrir novas liñas de negocio e modernizar os sectores produtivos tradicionais da Comunidade. Ao mesmo tempo, promociona accións de networking para identificar novas oportunidades e aproveitar sinerxías, e dá visibilidade a nivel nacional e internacional ás iniciativas pioneiras no eido das ciencias da vida que se realizan desde Galicia.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), continúa a desenvolver con este convenio, que conta cun investimento conxunto de 93.000 euros para os anos 2017 e 2018, a Estratexia Galega de impulso á biotecnoloxía 2016-2020. Esta folla de ruta, para a que se mobilizarán 200 millóns de euros en cinco anos, ten como principais obxectivos a creación de 30 novas empresas bio, o aumento da súa facturación nun 20% e a xeración de 300 novos empregos cualificados.

O sector biotecnolóxico galego é o terceiro que máis medra en España, cunha facturación que en 2015 superou os 250 millóns euros, sendo a terceira comunidade máis bioempendedora e a sexta en número de empresas con actividade vinculada a

este campo. De feito, dispón dun tecido empresarial cada vez máis consolidado, con firmas como Galchimia, que ofrece servizos á industria farmacéutica e biotecnolóxica; AMSLab, dedicada á análise e desenvolvemento de métodos analíticos enfocados á industria de materiais e farmacéutica; ou Nanogap, especializada en nanomateriais.

O novo acordo promoverá a competitividade das empresas biotecnolóxicas a través da posta en marcha de ferramentas comúns que impulsen a cooperación empresarial e a colaboración intersectorial. Así, organizaranse bioalmorzos nos que se reunirán aos actores do sector biotecnolóxico galego con entidades e expertos de relevancia co fin de establecer colaboracións máis estreitas e fomentar o networking.

A través deste convenio tamén se ofrecerá un programa de recursos e servizos que respondan a necesidades comúns, que se poidan intercambiar entre si as empresas ou comprar no seu conxunto, de xeito que permita ao tecido empresarial ser máis competitivo e estar máis orientado á innovación.

O programa para este ano e o próximo tamén inclúe accións de BioSpeed Dating para fomentar o networking entre empresas do sector con fin de coñecer a actividade e as liñas de colaboración doutras empresas e axentes, xerar contactos e con iso novas perspectivas de negocio e novos proxectos colaborativos. Ademais, organizaranse os Premios Bioga para recoñecer o labor das empresas pioneiras do sector da biotecnoloxía de Galicia e valorar e promover o talento dos emprendedores no sector.

Bioga é a asociación máis representativa do sector da biotecnoloxía en Galicia, con 58 socios tanto empresariais como institucionais. O 34% deles están vinculados á investigación, o 23% ao sector agroalimentario, o 20% á saúde e o resto traballa en ámbitos como a nanobiotecnoloxía, a industria farmacéutica e o medio ambiente.

Dentro da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), a Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén vén apoiando esta asociación na organización de actividades como a Lonxa de Investidores BIO, destinada a abrir oportunidades de financiamento para emprendedores do sector; e colaborando en accións que promove a Xunta, como a aceleradora Agrobiotech, dirixida a pemes biotecnolóxicas, agroalimentarias e da biomasa.

EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE COMEDOR A 40 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES E AOS SEUS COIDADORES NO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PRÍNCIPE FELIPE

- *Este acordo súmase aos asinados con asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades co obxectivo de facilitar este servizo*
- *Asemade, o departamento educativo da Xunta de Galicia colabora con 11 concellos para subvencionar o comedor para máis de 3.700 usuarios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración existentes entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro de Educación Especial Príncipe Felipe (Pontevedra) para facilitarlles a 40 usuarios deste servizo de comedor escolar durante o curso 2017/18.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

Ademais, cómpre sinalar o carácter educativo que ten o comedor escolar para este alumnado con distintos tipos de discapacidades, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Servizo de transporte adaptado

Este acordo súmase á autorización no Consello da Xunta do pasado 1 de xuño para a sinatura de convenios para a prestación do servizo de comedor escolar con 12 asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades, a través do que se facilita o acceso ao comedor adaptado a 436 escolares con estas necesidades especiais, para o que se destinan máis de 180.000 euros. Tamén na liña de favorecer a inclusión educativa, a Consellería facilitará o vindeiro curso 2017/18 o servizo de transporte escolar adaptado a 291 alumnas e alumnos a través da colaboración con 12 entidades; para o que se investirán 906.339,32 euros.

Cómpre lembrar, ademais, que se vén de dar luz verde á sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Lugo, Santiago de Compostela e Sarria para a prestación do servizo de comedor escolar en 47 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará a 3787 usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos.

EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON TRES ENTIDADES PARA O IMPULSO DA FORMACIÓN PROFESIONAL NAS FAMILIAS DE SANIDADE E DE MADEIRA, MOBLE E CORTIZA

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura de addendas aos convenios asinados coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral de la Construcción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará un ano máis os convenios de colaboración subscritos coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', coa Fundación Laboral de la Construcción e coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para o impulso da FP nas familias de Sanidade e de Madeira, Moble e Cortiza. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta, que deu luz verde á sinatura das correspondentes addendas, que suporá unha achega de 96.050 euros.

O obxectivo destes acordos, con vixencia no curso 2017/18, é facilitar o acceso do alumnado ao espazo e equipamento destas fundacións, co fin de que poida adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

Radioterapia

No que atinxe á colaboración coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro', ten como finalidade que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de Sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) poida utilizar as instalacións da devandita entidade.

Deste xeito, impartirase nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia 'José Antonio Quiroga y Piñeyro' o módulo de Dosimetría Física e clínica e o de Simulación do tratamento, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto. A Fundación achegará tamén o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos; mentres que a Consellería se fará cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Madeira, moble e cortiza

No caso do acordo coa Fundación Laboral de la Construcción, o obxectivo é que o alumnado do ciclo de grao medio de Carpintaría e Moble do CIFP Politécnico de Lugo poida utilizar os espazos e equipamento preciso nas instalacións desta fundación. Os

gastos específicos ordinarios de funcionamento serán asumidos pola consellería, que tamén achegará o persoal docente necesario.

Así mesmo, ao abeiro do convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en Carpintaría e Moble do IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) desenvolveranse de forma compartida entre as instalacións da Fundación e as do instituto.

A XUNTA AMPLÍA O INVESTIMENTO PARA A FORMACIÓN DE RECURSOS HUMANOS NO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF CODINA E NO NOVO CEBIOVET

- *O orzamento do programa elévase un 4,5% ata os 1,97 millóns de euros*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevará a 1.975.477,95 € o investimento destinado a financiar o Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina ata o ano 2019. Con este incremento do 4,5% dos fondos, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, dáse soporte ás á actividade que se está a desenvolver neste HVU-RC e no Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (Cebiovet) desde o punto de vista docente, asistencial e teórico, contribuíndo á excelencia deste complexo –único en España– como referente de investigación no eido de medianos e grandes animais.

O programa de capacitación que se apoia con esta acción subdivídese en dous subprogramas. O primeiro deles céntrase na formación de Posgrao en clínica de grandes e pequenos animais, dirixido a licenciados ou graduados en Veterinaria co obxectivo de preparalos para o seu posterior acceso aos programas de residencia e á formación e experiencia para afrontar o exercicio profesional. Neste sentido cómpre indicar que, en medicina veterinaria, as residencias son a única vía de acceso ao título de especialista que outorgan as entidades reguladoras das diferentes ramas clínicas, denominadas colexios europeos. A duración do curso é de 12 meses, tempo no que as 25 alumnas e alumnos que poden participar neste formación rotan polos diversos servizos do Hospital.

O segundo dos subprogramas vai dirixido á formación e capacitación como tecnólogos de titulados en Formación Profesional, que complementan a acción clínica dos facultativos, en colaboración co Cebiovet.

Este programa de formación, unido ao esforzo realizado pola Xunta de Galicia para dotar o Campus de Lugo do Cebiovet, conforman unha clara aposta do Goberno galego para situar á capital lucense e o Campus Terra como un foco de referencia de investigación e actividade académica no eido da sanidade e a xenética animal

EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN ECCA RENOVARÁN A SÚA COLABORACIÓN PARA FACILITAR A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE ESO ÁS PERSOAS ADULTAS

- ***A Consellería destinará 6 profesores a este programa formativo que, a través das emisións radiofónicas de clases, axuda a obter esta titulación ás persoas que non poden asistir de forma regular ás clases***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración que desde 2005 subscriben a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para facilitar que as persoas adultas obteñan o título de Educación Secundaria Obrigatoria. A través deste acordo, o departamento educativo da Xunta de Galicia destina 6 profesores ao desenvolvemento do programa de ensino da entidade, que se basea en emisións radiofónicas, o que supón un investimento de máis de 200.000 euros.

Ao abeiro desta colaboración a Fundación ECCA pon á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía -baseada nas emisións radiofónicas-, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Trátase dunha metodoloxía especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia regular ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

O obxectivo desta actuación é favorecer a formación das persoas ao longo da vida, co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral. Nos últimos sete cursos teñen seguido este programa formativo desenvolvido pola Fundación ECCA un total de 5.352 persoas.

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 83 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA CENTRALIZADA DE MARCAPASOS E DESFIBRILADORES

- *A adquisición destes produtos a través dun acordo marco e por contratación centralizada contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público*
- *Permitirá conseguir unha redución dos prezos de compra dun 10% (aproximadamente un aforro anual de 1,6 millóns de euros)*
- *Esta actuación intégrase no Plan de Compras integradas 2016-2017 do Sergas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a contratación da subministración sucesiva de implantes de marcapasos e desfibriladores para as estruturas de xestión integrada (EOXI) dependentes do Servizo Galego de Saúde.

A execución deste acordo marco, por un valor máximo de 83.446.300,8 euros e unha duración de dous anos (coa posibilidade de ser prorrogado por outros dous anos máis), permitirá garantir a subministración de produtos de última tecnoloxía e de alta calidade. Así mesmo, permite conseguir unha redución ponderada dos prezos de compra de marcapasos e desfibriladores implantables dun 10% (aproximadamente un aforro anual de 1.595.000 euros).

Máxima concorrencia de empresas

Esta contratación centralizada de marcapasos e desfibriladores levarase a cabo mediante un acordo marco con varias empresas. Nunha primeira fase, por procedemento aberto, seleccionaranse os catro mellores produtos ofertados en cada lote. Os criterios de selección, homoxéneos para todo o Sergas, serán a calidade técnica, o prezo e a loxística. É importante ter en conta que para ser seleccionado como empresa hai que obter como mínimo o 50% da puntuación de calidade técnica.

Nunha segunda fase, realízase a adxudicación dos contratos derivados en cada EOXI. Esta fase permite a cada xerencia elixir a oferta máis vantaxosa, tendo en conta outros criterios técnicos distintos dos da primeira fase e o prezo. Os criterios técnicos son modulables en función da carteira de servizos, practica clínica e necesidades, estruturas e recursos asinados a cadansúa unidade de electrofisioloxía.

Logo desta aprobación por parte do Consello da Xunta, procederase á publicación da licitación, a valoración das ofertas e a adxudicación e formalización do acordo marco.

Plan compras integradas

O Plan de compras centralizadas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde recolle a realización de 57 expedientes de compra para todos os centros do Sergas, por un valor de compra anual de 157,5 millóns de euros. Destas contratacións, 121,4 millóns de

euros son compras de produtos e servizos que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas deste organismo.

Coa posta en marcha deste plan, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade, reducindo os prezos dos bens e servizos adquiridos no mercado, e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

Cómpre lembrar que os obxectivos do plan, no que colaboran todas as estruturas de xestión do Servizo Galego de Saúde, son, por un lado, avanzar cara á central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na Plataforma loxística do Sergas; e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuíndo os prezos de compra nun 10% como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DA LARACHA, BOQUEIXÓN, PRÉSARAS E RIBADUMIA

- ***En total, con estes novos catro centros, o Sergas asume dende 2009 a titularidade de 66 centros de saúde cedidos ao abeiro do pacto local***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión do terreos e o inmovible do centro de saúde de Ribadumia, na provincia de Pontevedra e dos do Laracha, Boqueixón e Présaras na provincia da Coruña. Estas cesións pertencen ao grupo dos 25 centros de saúde dos que o Sergas anunciou que asumiría os gastos de mantemento.

En total, cos centros da Laracha, Boqueixón, Presaras e Ribadumia, o Sergas asume dende 2009 a titularidade de 66 centros de saúde cedidos ao abeiro do pacto local.

Para o ano 2017, a estimación do custo de mantemento do centro de saúde de Ribadumia que ten unha superficie total construída de 492 metros cadrados, ascende a 17.331,58 euros. No caso do centro de saúde de Laracha, a superficie total construída é de 789 metros cadrados e a estimación do custo de mantemento para este ano ascende a 26.090 euros.

O centro de saúde de Boqueixón ten unha superficie total construída de 434 metros cadrados, cunha estimación total do custo de mantemento para 2017 de 29.576,02 euros.

Pola súa banda, a estimación do mantemento do centro de saúde de Présaras para este ano é de 10.470 euros; a edificación conta cunha superficie total construída de 485,97 metros cadrados.

Cesións voluntarias

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios nos que se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento deste". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto Local

Entre as actuacións recollidas no Pacto local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no que se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA DE GALICIA DARÁ CONTINUIDADE Á XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN DIÚRNA TERAPÉUTICA DE PONTEVEDRA

- *A Administración autonómica pon en marcha unha nova contratación do servizo, o que permitirá manter as 35 prazas públicas do centro destinadas a paliar as necesidades de atención especializada que precisan as persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas*
- *O importe do orzamento ascende a 456.137,46 euros, sendo o valor estimado do contrato de 10.068.871,10 euros*

A Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao inicio do proceso de contratación que dará continuidade á xestión pública, mediante concesión administrativa, do centro de atención diúrna de alzhéimer da localidade de Pontevedra, o que garante o mantemento das 35 prazas destinadas a paliar as necesidades de atención especializada que precisan as persoas con esta doenza. O importe do orzamento ascende a 456.137,46 euros, sendo o valor estimado do contrato de 10.068.871,10 euros.

Este contrato permite seguir adiante a dita xestión do centro, xa que o actual contrato acadou a súa duración máxima e non era susceptible de prórroga, mantendo así as 35 prazas públicas do servizo. Como novidade, incorpora unha previsión de que o contrato poida chegar acadar unha duración máxima de 20 anos e tres meses, tendo en conta as sucesivas prórrogas que poden asinarse. Deste xeito, fronte ao contrato que remata, que tiña unha duración máxima de 5 anos, asegúrase unha maior estabilidade, non só económica senón, e sobre todo, organizativa, o que repercutirá de xeito moi positivo na atención das persoas usuarias.

O mantemento deste servizo de referencia en Pontevedra obedece ao obxectivo do Goberno galego de consolidar a implantación dun sistema de atención social especializada, deseñada á medida das necesidades das persoas con alzhéimer no seu contorno familiar e social. Así mesmo, dáse continuidade a un recurso público demandado polos usuarios, evitando que esta situación constituía un factor de illamento ou exclusión social tanto da persoa en situación de dependencia como da súa familia.

A Administración autonómica enmarca esta actuación no desenvolvemento da lei de dependencia e ten por obxecto incrementar os recursos destinados ás persoas que padecen alzhéimer ou outras demencia neurodexenerativas.

SANTA COMBA, MELIDE E MONDARIZ INCREMENTARÁN AS SÚAS BRIGADAS CONTRA INCENDIOS FORESTAIS GRAZAS AO APOIO DA XUNTA

- *A petición destes concellos, o Goberno galego aumentará en máis de 163.000 euros as súas achegas para financiarlles o servizo nos anos 2017 e 2018*
- *O Consello autorizou hoxe as correspondentes addendas aos convenios subscritos con estes tres municipios para realizar estes labores*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres addendas aos convenios subscritos cos concellos de Santa Comba, Melide e Mondariz para a prevención e loita contra os incendios forestais, que permitirán incrementar nunha brigada a dotación prevista inicialmente por cada un destes municipios.

Con este acordo o orzamento total para os tres concellos aumenta en 163.107,72 euros, a razón de 54.369,24 euros por municipio. Estes fondos distribuiranse nas anualidades de 2017 e 2018. As respectivas addendas veñen incrementar a capacidade destes municipios para levar a cabo os labores de prevención e defensa contra os lumes, a petición dos propios concellos.

Así, Melide pasará de contar con dúas brigadas a dispoñer de tres; Santa Comba, que tiña unha cuadrilla, pasará a ter dúas e Mondariz, que non contratara ningunha, disporá agora dunha brigada. En total, Galicia conta con 294 brigadas, das cales 270 son de carácter municipal e as outras 24 correspóndense cos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

No conxunto de Galicia foron 273 as entidades locais que asinaron o correspondente convenio marco no 2016, que ten unha vixencia trianual. Por medio destes acordos, a Consellería do Medio Rural financia as entidades locais a realización deste tipo de labores. En concreto, os concellos participan na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal. Ademais, levan a cabo diferentes tratamentos preventivos de xeito mecanizado en vías da súa titularidade e contratan brigadas para o desenvolvemento de labores vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual. O importe total destas achegas, para o período 2016-2018, é de 32,8 millóns de euros.

Deste xeito o Goberno galego apoia os concellos para que poidan desenvolver as tarefas de prevención e defensa contra os lumes forestais que lles corresponden consonte á normativa vixente.

A XUNTA RENOVARÁ A PONTE SOBRE O RÍO FURELOS PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE MELIDE E TOQUES

- *O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe un convenio da Consellería do Medio Rural por valor de 300.000 euros para levantar unha nova ponte no lugar de Mazaira*

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio da Consellería do Medio Rural para renovar a ponte sobre o río Furelos, que une os concellos de Melide e Toques, e que está localizada no lugar de Mazaira, parroquia de Abeancos. O importe da reforma será de algo máis de 300.000 euros con fondos propios da Consellería e vai enmarcada no Plan de infraestruturas rurais (PIR).

Este proxecto é unha reivindicación histórica dos veciños da zona, en especial dos pescadores de troitas do río Furelos, de feito, a ponte é coñecida coma a dos troiteiros. A actuación é necesaria pola deficiente dotación de infraestruturas viarias neste contorno e que frea o seu desenvolvemento, de aí que o departamento que dirixe Ángeles Vázquez accedese a colaborar tanto no financiamento como na xestión da licitación e da execución da obra.

Desta forma, a Xunta contribúe non só ao desenvolvemento do rural galego, senón tamén a facilitar as comunicacións dos veciños e a dotar a poboación dos servizos básicos necesarios para contar cunha boa calidade de vida. Coa reforma desta ponte, que consistirá no levantamento dunha nova porque a actual está en estado ruinoso, mellorarase o paso dos residentes entre ambos os concellos coruñeses. Estas obras terán un prazo de execución de tres meses.

A XUNTA TRASLADA AO CONSELLO CONSULTIVO O DECRETO DE ORDENACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE GARDACOSTAS PARA O SEU DITAME

- ***Esta norma desenvolverá as funcións da escala operativa do servizo, creada mediante a Lei 10/2010, que modificou á lei do Servizo de Gardacostas de Galicia***
- ***Tamén busca desenvolver con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo do servizo e reforzar o principio de estrutura xerárquica***

O Consello da Xunta analizou hoxe o proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia e remitirao ao Consello Consultivo de Galicia para o seu ditame. Este decreto substituirá ao actualmente en vigor, do ano 2005, e, a diferenza del, desenvolverá as funcións da escala operativa do servizo, creada mediante a lei 10/2010, do 11 de novembro, que modificou á Lei pola que se crea do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Ademais, establece o procedemento a seguir para que o persoal da escala de axentes do servizo poida integrarse na escala operativa. Esta integración rematará a ordenación do servizo e facilitará a carreira profesional do persoal implicado.

A normativa tamén busca desenvolver con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo do servizo e reforzar o principio de estrutura xerárquica. Neste sentido, non introduce grandes novidades respecto do desenvolvemento do traballo dos gardacostas, senón que precisa os cometidos do persoal segundo as escalas que forman o servizo, que son a técnica, a executiva, a operativa e a de axentes.

Isto, sobre todo, durante o desenvolvemento de actuacións que exixen persoal que, aínda pertencendo ao mesmo servizo, poden proceder de unidades operativas diferentes. Tamén para situacións de cooperación entre persoal de Gardacostas e doutros organismos como as forzas e corpos de seguridade do Estado ou voluntariado.

Os labores que desenvolverán as distintas escalas enmárcanse dentro das funcións inspectora, preventiva e paliativa que con carácter xeral desenvolve o Servizo de Gardacostas. Así, dentro das funcións da nova escala que incorpora, a operativa, o decreto sinala o apoio ás escalas técnica e executiva.

Ademais correspóndelle a custodia protección, vixilancia, defensa e control dos recursos mariños de Galicia, especialmente nas fases de captura ou extracción no mar o zona marítimo- terrestre. Tamén o control das actividades da acuicultura, transporte e comercialización dos produtos do mar e participar nas actividades de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. Outra das súas funcións é o de dirixir

o persoal da escala de axentes na realización das súas funcións e transmitir aos seus superiores a información necesaria para a planificación dos servizos.

O persoal da escala técnica ten como funcións a dirección, planificación e execución das actuacións do Servizo de Gardacostas e ao da escala executiva correspóndelle a súa coordinación, participación e execución. Por último, entre as funcións da escala de axentes están a de protexer, vixiar e defender os recursos mariños de Galicia, e controlar o seu aproveitamento. Tamén vixiar e previr a contaminación mariña, participando nas tarefas de eliminación, participar nos labores de salvamento marítimo, vixiar o funcionamento de centros e instalacións relacionadas coa produción acuícola e en xeral coa conservación do medio mariño. Outra das súas funcións é efectuar denuncias polas infraccións establecidas na lexislación de protección dos recursos marítimos, e realizar as inspeccións que se lles encomenden.

Tras o ditame do Consello Consultivo, o texto volverá ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva e posteriormente sairá publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez publicado no DOG, entrará en vigor aos 20 días.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A COLABORACIÓN COS COLEXIOS OFICIAIS DE PSICOLOXÍA E DE TRABALLO SOCIAL PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES PERICIAIS

- *Con estas colaboracións, a Xunta ten como finalidade principal eliminar os atrasos acumulados nos xulgados de familia*
- *Nestes anos non só se incrementou o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, senón que tamén produciuse un incremento no número total de demandas xudiciais*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo á sinatura dos convenios cos colexios oficiais de psicoloxía e de traballo social de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais, coa finalidade principal axilizar os atrasos acumulados nos Xulgados de familia, tendo ambos os convenios vixencia ata que remate o ano.

Seguindo o modelo xa establecido polo Ministerio de Xustiza no convenio co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos para a emisión de informes periciais, a Vicepresidencia da Xunta acordou asinar os convenios para a elaboración dos informes periciais solicitados polos xulgados de familia de modo que se poida superar o atraso acumulado, debido á situación de saturación existente polo incremento das demandas nestes xulgados.

Ambos colexios procederán á realización das probas periciais por solicitude dos órganos xudiciais en Galicia, de maneira que os /as psicólogos/as e traballadores sociais que realicen estes servizos deberán ser seleccionados/as entre os/as colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, conforme a cal estean desempeñando actividades de similares características e á súa formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica.

Para levar a cabo a posta en marcha destes dous convenios, a Xunta achegará 112.000 euros ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e 105.500 euros ao Colexio de Traballo Social de Galicia. Ademais, compensará a cada un dos colexios pola organización da actividade realizada por unha cantidade de 1.500 euros. Cada proba pericial dará lugar a un informe que se aboará cun pagamento máximo único a razón de 420 euros, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.

Antecedentes

Os equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) créanse a partir da incorporación a este dos psicólogos con destino en los xulgados de familia que existían na Coruña, Pontevedra e o adscrito a Clínica Forense de Vigo. Coa creación do IMELGA no ano 2006 creáronse prazas de psicólogos e traballadores sociais en todas as Subdireccións e que se dote dun segundo equipo en Vigo e na Coruña.

Neste ano de 2017 ampliáronse os seus efectivos de 20 a 34 traballadores, polo que co traballo destes novos equipos, unha vez eliminada a pendencia de informes atrasados grazas a estes convenios, a Xunta fai unha aposta por que se leven en prazo os informes periciais pedidos polos xulgados.

En materia de familia, os iniciais equipos, quedaron inmediatamente desbordados, dado o incremento nas demandas xudiciais, xa que, ademais tiñan que atender outras pericias, tamén ligadas ao ámbito xudicial, como violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, ou acoso, entre outros.

Ademais, nestes anos non só se incrementou o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, sendo cada día mais frecuente que os xulgados e tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e para concretar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o tribunal, senón que tamén se produciu un incremento no número total de demandas, tanto por tipo de pericias, como en números globais.

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA INICIATIVA QUE PERMITE A COASA, COREN, EXLABESA E PREVISONOR CONTRATAR PERSOAL CUALIFICADO TRAS UNHA FORMACIÓN Á CARTA

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria financia nove unidades formativas nestas compañías, destacadas nos sectores estratéxicos de Galicia, para que 130 desempregados teñan a oportunidade de adaptarse ás necesidades reais da firma***
- ***Dous de cada tres alumnos participantes nesta iniciativa rematarán cun contrato de traballo***
- ***O Goberno galego destinará preto de 400.000 euros á formación nestas catro empresas e nunha segunda fase incentivará a contratación con axudas que poden chegar aos 9.000 euros***

A Xunta porá en marcha nove unidades formativas na empresa nas que 130 persoas recibirán formación á carta, axustada ás necesidades das propias compañías en catro firmas destacadas en sectores estratéxicos de Galicia: Coasa (aeronáutico), Coren (agroalimentario), Exlabesa (metalúrxico) e Previsonor (prevención de riscos laborais).

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará con este programa pioneiro o 100% desta formación que as compañías deseñarán e impartirán de xeito flexible. En total, preto de 5.000 horas de formación. As empresas, pola súa banda, comprométese a contratar como mínimo o 60% dos alumnos. Neste caso, dos 130 participantes rematarán, como mínimo, cun contrato de traballo o 64%, dous de cada tres alumnos (en total, 84 persoas).

Esta actuación vai dirixida prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG). No caso de Coasa activarase unha unidade formativa de fabricación de elementos aeroespaciais na que participarán 15 persoas. Impartiranse 680 horas de formación. En Coren poranse en marcha cinco unidades con 2.500 horas de formación para cualificar a 75 traballadores en especialidades como elaboración de industria alimentaria ou instalacións de climatización.

No grupo Exlabesa haberá dúas unidades, en Aluminios Padrón e Quintaglass, de matricería para o estudo e desenvolvemento de técnicas de fabricación de ferramentas para obter pezas en serie. Serán para 30 persoas con 1.160 horas formativas. Por último, en Previsonor, en UTE con Formación e Normalización, haberá unha unidade de xestión comercial de vendas para un total de 10 persoas e con 630 horas.

O Goberno galego investirá nesta formación 400.000 euros e nunha segunda fase incentivará a contratación con axudas que poden chegar aos 9.000 euros no caso dun contrato indefinido. Galicia é a única comunidade autónoma que, a través deste tipo de

programas de formación á carta, financia directamente a contratación que supere o compromiso de inserción laboral fixado.

O prazo de solicitude para as unidades formativas nas empresas está aberto todo o ano. Agora veñen de resolverse as dúas primeiras convocatorias, e aínda quedan tres máis para 2017. En total, o Goberno galego dispón dun orzamento de 1.450.000 euros para esta actuación, que responde a unha demanda do propio tecido empresarial galego. Trátase dun orzamento ampliable para atender a todas as solicitudes sempre que cumpran cos requisitos establecidos na orde de axudas.

Entre os retos da Axenda 20 para o Emprego, a folla de ruta do Goberno galego na que se enmarca esta iniciativa, destacan a creación de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo ata 2020, a conversión de 50.000 contratos en indefinidos ou acadar unha inserción tras a formación dun 60%.

A XUNTA AMPLÍA NUN 40% AS AXUDAS Á FORMACIÓN PARA CUALIFICAR A MÁIS DE 20.000 DESEMPREGADOS A TRAVÉS DE 1.440 CURSOS

- *As accións formativas, que impartirán a partir de setembro entidades sen ánimo de lucro, empresas ou concellos, refórzanse este ano coa introdución de melloras como a ampliación da duración, primando os que presenten maiores índices de inserción laboral ou os vinculados coa Industria 4.0*
- *Cun orzamento de 56 millóns de euros, terán preferencia as mulleres, parados de longa duración, menores de 30 anos e persoas en risco de exclusión social*
- *Máis dun 15% da programación está dirixida a persoas sen estudos básicos, unha medida da que se poderán beneficiar 3.300 alumnos e alumnas*
- *Trátase dunha formación adaptada ás demandas das empresas e que está homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España*
- *A iniciativa enmárcase na Axenda 20 para o emprego coa que se prevé a creación de 80.000 novos postos de traballo ata 2020*

A Xunta impulsará con preto de 56 millóns de euros a formación para desempregados que se imparte en empresas, concellos ou entidades sen ánimo de lucro, un importe que vén de ampliarse en 15,1 millóns de euros para poder cualificar a 20.540 alumnos en 1.440 cursos. A contía destas axudas aumenta con respecto á convocatoria inicial para este ano en preto dun 40% e con respecto ao investido en 2016 nun 70,6%.

Esta iniciativa, que se enmarca na Axenda 20 para o emprego, porase en marcha a partir de setembro con importantes novidades co obxectivo de seguir incrementando a ocupabilidade das persoas sen un traballo, facilitándolles, polo tanto, o seu acceso ao mercado laboral, ao tempo que se dota a Galicia dun capital humano máis formado de acordo ás necesidades reais das empresas. É unha formación homologada con certificados de profesionalidade con validez en toda España.

Deste xeito, o Goberno galego amplía a oferta dos cursos ao longo de todo o ano, xa que a convocatoria de axudas é por primeira vez plurianual (2017-2018), o que posibilitará que se imparta unha formación máis completa e, polo tanto, unha maior empregabilidade dos alumnos.

Así mesmo, este ano dáse máis relevancia ás especialidades con maiores índices de inserción laboral. Este criterio xa se viña aplicando pero agora terá un maior peso na valoración. Así, ademais das accións con maior demanda e inserción laboral, outorgouse máis puntuación aos cursos relacionados coa Industria 4.0 e os que se vinculan coas competencias de idiomas, ofimática, tecnoloxías da información e comunicación, coñecementos financeiros, xurídicos e do funcionamento das administracións públicas.

As accións formativas que se inclúen nesta programación diríxense con carácter preferente a persoas desempregadas que sexan mulleres -especialmente vítimas da violencia de xénero-, parados de longa duración, menores de 30, persoas con discapacidade, que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción, en risco de exclusión social, persoas con baixa cualificación e aquelas que teñan superados un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen acreditacións parciais. Permítese tamén a participación de ata un 25% de persoas traballadoras ocupadas sempre e cando as prazas non sexan cubertas por desempregados.

Tamén, como mellora, o Goberno galego reserva unha parte da programación para a formación en competencias clave que é a dirixida a aquelas persoas sen estudos básicos. Desta forma, ao redor do 15% da oferta global dos cursos irá dirixida a este colectivo, o que permitirá cualificar a máis de 3.300 alumnos e alumnas.

Na actualidade estes cursos contan en xeral cunha media de inserción laboral do 56% e un 64% dos participantes adoitan atopar un traballo nos primeiros 6 meses de rematar o curso. En ocasións, ademais, teñen a posibilidade de realizar prácticas non laborais en empresas, galegas, o que lles permite adquirir novas habilidades e mellorar o seu perfil profesional.

O Goberno galego, ademais, para facilitar a asistencia dos beneficiarios aos cursos de formación destina 7 millóns de euros para bolsas coas que se poden financiar os gastos de transporte, manutención e conciliación.

A formación para persoas desempregadas encádrase na Axenda 20 coa que o Goberno galego prevé, entre outros retos, o impulso de, polo menos, 80.000 novos postos de traballo ata 2020. Pretende tamén incrementar un 25% as prazas e as cualificacións profesionais. Tamén forma parte da Axenda Galicia-Industria 4.0, que establece que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, nomeadamente ás 29 especialidades formativas que se identifican no acordo por pertencer a familias profesionais vinculadas coa Industria 4.0.

Esta iniciativa súmase ás xa aprobadas polo Consello da Xunta neste mesmo ámbito como son o programa Cualifica FP para a formación de desempregados en centros de ESO e FP, a oferta formativa en centros propios da Consellería de Economía, Emprego e Industria e a formación específica para menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil. En global, a Xunta está a investir 80 millóns de euros en formación para desempregados, o que permitirá contar cunha oferta de 27.300 prazas e máis de 1.885 cursos.